

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, GESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE OUTUBRO DE 2014**

A C T A

Ás 16:00 horas do día indicado reúnense na sala común de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (7):



Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arízaga, Belén Riveiro, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

ORDE DO DÍA:

1.- Informe da presidenta.

A coordinadora informa que no día de onte Carlota Rivas anulou a súa matrícula no mestrado. Hoxe pola mañá chamouse dende a secretaría administrativa a primeira persoa do lista de espera, Fátima Lafuente Varela, que aceptou matricularse. Dado que a próxima semana comenza o módulo 2 solicítase á coordinadora, Belén Riveiro, que avise ao profesorado dese módulo sobre a súa incorporación.

Recíbíuse un escrito da UVigo sobre o Plan de Internacionalización, no que se establece que todas as titulacións deben garantir que se impartirá como mínimo unha materia en inglés. A devandita materia recollerase no na PDA do próximo curso e o docente que se faga cargo dela deber acreditar un nivel B1, para o cal realizaranse probas ¿HELA? ao longo do 1º e 2º cuatrimestre.



Os resultados dunha primeira avaliación da marcha da titulación feita por dous profesores do módulo 1 manifestan que ata o momento a incorporación do alumnado en distintos momentos xerou algúns problemas de coordinación. Ademais provocou a solicitude de establecer datas concretas sobre os límites para entregar traballos e realizar probas de avaliación.

2.- Aprobación se procede da acta da sesión do 07/10/2014.

Apróbase por asentemento a acta do 07/10/2014.

3. Aprobación se procede do PAT definitivo do curso 2014/2015.

Apróbase por asentemento o PAT proposto despois de dar de baixa a Carlota Rivas e axudicar á prof^a Natalia Caparrina a titorización de Fátima Lafuente.

4.- Cuestións de organización académica para o curso 2014/2015.

Debido á tardía incorporación de varios alumnos, a coordinadora propón aprobar novas datas para que novos alumnos teñan a opción de examinarse e entregar traballos do módulo 1 en decembro.



A CAM aproba por asentemento as datas límite para entrega de traballos e cuestionarios no mes de decembro do módulo 1, que foron consensuadas co profesorado.

Respecto ao restantes módulos a CAM aproba por asentemento facer chegar aos coordinadores unha proposto para o resto das materias que, unha vez consensuada co profesorado, será aprobada na próxima reunión da CAM.

Os profs. Álvaro Arizaga e Cristina Montojo manifestan as súas dúbidas sobre como avaliar aos estudantes que se incorporaron con retraso e non puideron participar nos foros das materias, actividade para a que se reservaba unha porcentaxe da nota.

A coordinadora afirma que podería aplicarse o mesmo criterio que na convocatoria de ordinaria de xuño, na que se variaban as porcentaxes de avaliación.

5.- Orzamento 2014 (peche de exercicio e pago a docentes do 1º cuadrimestre).



A CAM apraza o acordo sobre o pago a docentes do 1º cuatrimestre ata que se coñeza o orzamento que vai recibir o mestrado no ano 2015, que permitirá fixar unha cantidade por docente e hora presencial sen incurrir en agravios comparativos entre os catro profesores do 1º cuatrimestre e os nove do 2º.

6.- Aprobación, se procede do Regulamento do TFM.

Aprobado por asentemento a proposta de regulamento de TFM cos seguintes engadidos:

- Fíxase un máximo de 40 páxinas para o estudo e os anexos á parte.
- Establécese a posibilidade de entregar a través da secretaría virtual o impreso de elección de director e título do traballo; posteriormente abrírase un prazo de dous días para depositar o orixinal en secretaría.

7.- Rogos e preguntas.

A prof^a Cristina Montojo solicita un listado dos estudantes do módulo 3 que inclúa a súa titulación.

Tamén explica que o profesorado do módulo 3 ten a intención de aprobar uns criterios comúns sobre que tipo de exercicios ou probas van poder entregar aos alumnos durante a semana extra de avaliación.



Sobre a necesidade de facer enquisas de satisfacción ao alumnado, a prof^a Natalia Caparrino propón que se realice unicamente unha por módulo.

ADENDA

8. Aprobación, se procede, de solicitudes de matrícula a tempo parcial.

Apróbase por asentemento conceder a matrícula a tempo parcial ás alumnas Lucia Castro Ferreira, Soledad Bougallo Souciño e Sonia Seco Lanzós, posto que cumpren os requisitos necesarias.

Queda pendente o caso do alumno Sergio Pereira Ibáñez, que seleccionou a opción de tempo parcial na plataforma, pero non deu máis sinais de preferir ese tipo de matrícula. A CAM autoriza á coordinadora a concederlle a matrícula a tempo parcial se finalmente reitera a solicitude e cumpre todos os requisitos.



9. Aprobación, se procede, de novas incorporacións á lista de bens culturais solicitadas polo alumnado do último período de matrícula.

Apróbase por asentamento a incorporación ao listado de dous novos bens solicitados polos alumnos recién incorporados ao mestrado, Javier Izquierdo e Fátima Lafuente.

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 23 de outubro de 2014.

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria


Asdo. M^a Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA


Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 05/02-2015.

A Secretaria,

M^a Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 1: profesorado designado no Plan de Acción Titorial para titorar aos alumnos/as do
mestrado.



PAT Master
2014_2015_asignaci

ANEXO 2: Datas límite de entrega de traballos e realización de probas de avaliación .



Datas limites_entre
ga_traballos.pdf

ANEXO 3: Regulamento de TFM.



Mestrado_HTCO3_r
eglamento_TFM.pdf